



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 169
13 de xullo de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 12 de xullo de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)

[63425](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

■ 17656 - 6747 (11/PRE-000768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a instalación da EDAR do polígono da Madanela, de Melide

[63431](#)

■ 17612 - 7402 (11/PRE-002371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as deficiencias recollidas pola veciñanza da área metropolitana da Coruña

[63435](#)

■ 17655 - 8195 (11/PRE-002422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións, detalladas por provincias, da Xunta de Galicia nas que se investiron os 105 millóns de euros do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

[63438](#)

■ 17625 - 8527 (11/PRE-002448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para solucionar a situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago con anexos

[63441](#)

■ 17654 - 8533 (11/PRE-002449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre os criterios seguidos pola empresa Meisa para adxudicar o contrato de xestión da estación de montaña de Manzaneda á sociedade Artabria Turismo, S.L., a participación da Xunta de Galicia



na xuntanza do consello de administración en que se adoptou ese acordo e a súa opinión respecto da necesidade de inserir os concellos de Trives e Castro Caldelas nese órgano [63445](#)

I 17753 - 10374 (11/PRE-002679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán, e as súas razóns para non consignar orzamento necesario para ese fin [63447](#)

I 17653 - 11991 (11/PRE-002889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a actualización e o funcionamento do programa de xestión procesual Minerva e o uso da lingua galega na Administración de xustiza [63450](#)

I 17701 - 12785 (11/PRE-003043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as verteduras depositadas en zonas forestais e montes en man común [63452](#)

I 17652 - 12991 (11/PRE-003063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da construción, na XI lexislatura, da vía do acceso sur ao porto da Guarda [63454](#)

I 17691 - 13384 (11/PRE-003354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para elixir a fórmula de concorrencia non competitiva para a convocatoria de subvencións destinadas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para a creación ou mellora de infraestruturas, e os datos referidos ás solicitudes presentadas [63457](#)

I 17690 - 13452 (11/PRE-003363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a mellora ou creación de infraestruturas en concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes [63460](#)

I 17651 - 13817 (11/PRE-003412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre os datos referidos á implantación, uso e eficacia dos códigos QR para detectar novos gromos de covid-19 e para controlar a capacidade dos locais de hostalaría [63462](#)



I 17700 - 13990 (11/PRE-003435)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para convocar para o ano 2021 en réxime de concorrencia non competitiva as subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, así como os datos referidos ás solicitudes presentadas

[63464](#)**I 17650 - 14438 (11/PRE-003484)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas específica dirixida a determinados establecementos de hostalaría co fin de cubrir os custos de adquisición e instalación dos medidores de CO2 establecidos na Orde do 14 de abril

[63467](#)**I 17699 - 14975 (11/PRE-003542)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axilizar a reparación e o asfaltado da vía LU-653

[63469](#)**I 17649 - 15814 (11/PRE-003602)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as actuacións do Goberno galego para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

[63472](#)**I 17752 - 15923 (11/PRE-003614)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a realización das obras de soterramento da avenida de Beiramar en Vigo

[63474](#)**I 17624 - 16136 (11/PRE-003636)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia respecto da xestión do Servizo de Axuda no Fogar

[63476](#)**I 17623 - 16146 (11/PRE-003638)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as consecuencias da incompatibilidade da Renda de inclusión social de Galicia coa percepción do Ingreso Mínimo Vital e as previsións da Xunta de Galicia para a reforma lexislativa que evite esa situación

[63478](#)

I 17622 - 16178 (11/PRE-003643)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o desenvolvemento normativo dos requirimentos materiais e funcionais de determinados servizos para persoas dependentes con discapacidade [63481](#)

I 17621 - 16247 (11/PRE-003653)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de dotar o concello de Vilalba dun centro de día [63484](#)

I 17698 - 16252 (11/PRE-003654)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre os criterios e actuacións da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais respecto da declaración de impacto ambiental do proxecto de restauración da mina da Casalonga, no concello de Teo [63486](#)

I 17620 - 16255 (11/PRE-003655)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa creación dun centro público de atención residencial en Boiro [63488](#)

I 17648 - 16344 (11/PRE-003663)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das conclusións do informe do Consello de Contas respecto da xestión económica da Deputación de Ourense durante o exercicio 2018 [63491](#)

I 17689 - 16384 (11/PRE-003670)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre os criterios da Xunta de Galicia respecto da contratación de informes sobre o fenómeno da ocupación de vivendas en Galicia [63493](#)

I 17688 - 16471 (11/PRE-003680)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a demora na aprobación dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos de Silleda, Vila de Cruces e Agolada [63495](#)

I 17647 - 16501 (11/PRE-003684)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis**

Sobre o coñecemento e a valoración da Xunta de Galicia respecto dos programas de cooperación económica das deputacións galegas coas entidades locais [63497](#)

I 17751 - 16512 (11/PRE-003685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a reunión que debe manter a Consellería de Política Social coas entidades de iniciativa social que prestan servizos sociais para abordar a problemática derivada dos sobrecostos motivados polas medidas sobrevidas da covid-19 [63499](#)

I 17687 - 16604 (11/PRE-003695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a situación do depósito de residuos do Gorxal en Cabral, concello de Vigo, e as medidas adoptadas para a restauración da zona afectada [63503](#)

I 17686 - 16742 (11/PRE-003713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa instalación dunha planta de xestión de residuos de construción e demolición no lugar de Obra de Paño, no concello de Bergondo [63505](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.3. Estatuto dos deputados

2.3.3.1. Declaracións de bens e dereitos e de actividades

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 6 de xullo de 2021, en relación coas declaracións de actividades e de bens de dereitos de varios deputados e deputadas [63430](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 12 de xullo de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 17983, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007), ata o día 4 de setembro de 2021, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 6 de xullo de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 17656 - 6747 (11/PRE-000768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a instalación da EDAR do polígono da Madanela, de Melide

- 17612 - 7402 (11/PRE-002371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as deficiencias recollidas pola veciñanza da área metropolitana da Coruña

- 17655 - 8195 (11/PRE-002422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións, detalladas por provincias, da Xunta de Galicia nas que se investiron os 105 millóns de euros do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

- 17625 - 8527 (11/PRE-002448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para solucionar a situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago con anexos

- 17654 - 8533 (11/PRE-002449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre os criterios seguidos pola empresa Meisa para adxudicar o contrato de xestión da estación de montaña de Manzaneda á sociedade Artabria Turismo, S.L., a participación da Xunta de Galicia na xuntanza do consello de administración en que se adoptou ese acordo e a súa opinión respecto da necesidade de inserir os concellos de Trives e Castro Caldelas nese órgano

- 17753 - 10374 (11/PRE-002679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán, e as súas razóns para non consignar orzamento necesario para ese fin

- 17653 - 11991 (11/PRE-002889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a actualización e o funcionamento do programa de xestión procesual Minerva e o uso da lingua galega na Administración de xustiza

- 17701 - 12785 (11/PRE-003043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as verteduras depositadas en zonas forestais e montes en man común

- 17652 - 12991 (11/PRE-003063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da construción, na XI lexislatura, da vía do acceso sur ao porto da Guarda

- 17691 - 13384 (11/PRE-003354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para elixir a fórmula de concorrencia non competitiva para a convocatoria de subvencións destinadas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para a creación ou mellora de infraestruturas, e os datos referidos ás solicitudes presentadas

- 17690 - 13452 (11/PRE-003363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a mellora ou creación de infraestruturas en concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes

- 17651 - 13817 (11/PRE-003412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre os datos referidos á implantación, uso e eficacia dos códigos QR para detectar novos gromos de covid-19 e para controlar a capacidade dos locais de hostalaría

- 17700 - 13990 (11/PRE-003435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para convocar para o ano 2021 en réxime de concorrencia non competitiva as subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, así como os datos referidos ás solicitudes presentadas

- 17650 - 14438 (11/PRE-003484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas específica dirixida a determinados establecementos de hostalaría co fin de cubrir os custos de adquisición e instalación dos medidores de CO2 establecidos na Orde do 14 de abril

- 17699 - 14975 (11/PRE-003542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axilizar a reparación e o asfaltado da vía LU-653

- 17649 - 15814 (11/PRE-003602)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións do Goberno galego para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

- 17752 - 15923 (11/PRE-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a realización das obras de soterramento da avenida de Beiramar en Vigo

- 17624 - 16136 (11/PRE-003636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia respecto da xestión do Servizo de Axuda no Fogar

- 17623 - 16146 (11/PRE-003638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as consecuencias da incompatibilidade da Renda de inclusión social de Galicia coa percepción do Ingreso Mínimo Vital e as previsións da Xunta de Galicia para a reforma lexislativa que evite esa situación

- 17622 - 16178 (11/PRE-003643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o desenvolvemento normativo dos requirimentos materiais e funcionais de determinados servizos para persoas dependentes con discapacidade

- 17621 - 16247 (11/PRE-003653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de dotar o concello de Vilalba dun centro de día

- 17698 - 16252 (11/PRE-003654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os criterios e actuacións da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais respecto da declaración de impacto ambiental do proxecto de restauración da mina da Casalonga, no concello de Teo

- 17620 - 16255 (11/PRE-003655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa creación dun centro público de atención residencial en Boiro



- 17648 - 16344 (11/PRE-003663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das conclusións do informe do Consello de Contas respecto da xestión económica da Deputación de Ourense durante o exercicio 2018

- 17689 - 16384 (11/PRE-003670)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia respecto da contratación de informes sobre o fenómeno da ocupación de vivendas en Galicia

- 17688 - 16471 (11/PRE-003680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a demora na aprobación dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos de Silleda, Vila de Cruces e Agolada

- 17647 - 16501 (11/PRE-003684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre o coñecemento e a valoración da Xunta de Galicia respecto dos programas de cooperación económica das deputacións galegas coas entidades locais

- 17751 - 16512 (11/PRE-003685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a reunión que debe manter a Consellería de Política Social coas entidades de iniciativa social que prestan servizos sociais para abordar a problemática derivada dos sobrecustos motivados polas medidas sobrevidas da covid-19

- 17687 - 16604 (11/PRE-003695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a situación do depósito de residuos do Gorxal en Cabral, concello de Vigo, e as medidas adoptadas para a restauración da zona afectada

- 17686 - 16742 (11/PRE-003713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa instalación dunha planta de xestión de residuos de construción e demolición no lugar de Obra de Paño, no concello de Bergondo

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.3. Estatuto dos deputados

2.3.3.1. Declaracións de bens e dereitos e de actividades

Acordo da Mesa do Parlamento, do 6 de xullo de 2021, en relación coas declaracións de actividades e de bens de dereitos de varios deputados e deputadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de xullo de 2021, adoptou os seguintes acordos

Declaracións orixinarias de actividades:

— D^a Noelia Otero Lago (doc. núm. 17338)

Declaración orixinaria de bens e dereitos:

— D^a Noelia Otero Lago (doc. núm. 17339)

Declaracións modificativas de bens e dereitos:

— D. Miguel Ángel Santalices Vieira (doc. núm. 7564)

— D. Borja Vereá Fraiz (doc. núm. 10242)

— D^a Cristina Sanz Arias (doc. núm. 11051)

— D^a María Sol Díaz Moureira (doc. núm. 11422)

— D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (doc. núm. 13328)

— D. Daniel Castro García (doc. núm. 15695)

— D. Xosé Luis Bará Torres (doc. núm. 17176) e

— D. Diego Calvo Pouso (doc. núm. 17763).

Tómase coñecemento e publíquense as declaracións no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

Santiago de Compostela, 8 de xullo 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 6747**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a instalación da EDAR do Polígono da Madanela de Melide”**, (publicada no BOPG número 76 o 14 de xaneiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O saneamento e a depuración son competencias municipais, así se establece na normativa básica en materia de réxime local. De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

Esta normativa resérvalle tamén á competencia municipal o tratamento das augas residuais e a prestación do servizo de rede de saneamento, incluíndo o control dos vertidos a esas redes no marco da normativa de aplicación.

O concellos son responsables do seu sistema de saneamento e son o que deben decidir tecnicamente a mellor maneira de xestionar o seu saneamento e as infraestruturas que necesitan para que sexa eficaz. Son tamén os concellos os responsables de controlar os vertidos e que estes vertidos cumpran cos límites establecidos no Anexo II do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

A Xunta de Galicia, polo tanto, non ten atribuídas as responsabilidades en materia de saneamento e depuración nin pode interferir na execución dunhas competencias que son dos concellos.





O que si fai o Goberno galego é prestar apoio técnico e financeiro aos concellos para axudalos a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente as competencias que teñen reservadas en materia de subministro de auga, rede de sumidoiros e depuración. Tamén, coa fin de controlar os vertidos que poidan producirse, a Xunta efectúa as correspondentes inspeccións, que, en caso necesario, dan lugar a apertura de expedientes e á realización das actuacións encamiñadas a lograr o cese ou emenda dos vertidos e, de ser o caso, a sanción dos feitos.

No que respecta á colaboración técnica e financeira prestada pola Xunta ao Concello de Melide na actuación á que se refire a iniciativa, hai que indicar que se fixo por fases. Na primeira, acometeuse o proxecto de mellora da rede de saneamento do polígono, completando a rede separativa. Esta actuación permitiu afrontar unha segunda fase, que consistiu na análise dos caudais e das concentracións dos principais contaminantes que circulan por esta rede. Ao ser augas industriais, resultaba fundamental caracterizar ben a natureza das augas residuais para comprobar se eran compatibles coas augas residuais urbanas e, en función do resultado, os técnicos puidesen decidir o mellor sistema de tratamento.

Por este motivo, organizouse unha campaña de medicións de caudais, en tempo seco e en tempo de choiva, durante varias semanas, con días laborables e non laborables, e tomáronse e analizáronse mostras de augas suficientes para poder obter polutogramas representativos deste polígono.

Tras a realización destas análises traballouse nunha terceira fase, que culminou coa redacción do proxecto de conexión das augas fecais do polígono industrial da Madalena co sistema de saneamento de Melide, cuxa finalidade é resolver os problemas de saneamento do polígono da Madanela, proxecto que xa foi rematado e supervisado e que foi remitido ao Concello de Melide.

O Concello de Melide dispón, na actualidade, dunhas instalacións de depuración de augas residuais urbanas que traballan, en tempo seco, ao 30% da capacidade de deseño en canto á carga orgánica e ao 40% do seu caudal nominal. Polo tanto, sempre e cando os vertidos realizados polas industrias na rede de sumidoiros do polígono cumpran cos límites





establecidos no Anexo II do Decreto 141/2012 do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, é unha solución axeitada a curto e medio prazo.

A Xunta de Galicia buscou dar solución ao problema de saneamento que ten o polígono industrial de Melide, nun marco de colaboración solicitado polo Concello de Melide, conectando a rede de polígono coa depuradora municipal de Melide. Débese ter en conta que unha EDAR é un elemento dun sistema de saneamento e que non existe unha única estratexia de saneamento para un polígono industrial.

Hai que ter presente tamén que a composición das augas residuais vertidas por unha industria varía segundo a súa actividade. Por esa razón, todos os vertidos que se realizan ao saneamento dun polígono deben cumprir primeiro cos límites establecidos no Anexo II do

Decreto 141/2012 do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia. Posteriormente, o xestor da rede municipal ten que determinar se é preciso contar cunha EDAR no polígono que permita un vertido directo ao dominio público das augas, ou conectar o sistema de saneamento do polígono á rede municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2021 13:17:16
Nº Rexistro: 17656
Data envío: 25/06/2021 13:17:16.955

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2021 13:17:12

CSV: BOPGDSPGqTrjD4wwS7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2021 12:15:00
Nº Rexistro: 17612

Data envío: 24/06/2021 12:15:00.294

Data: 24/06/2021 12:14

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 7402**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias recollidas pola veciñanza da área metropolitana da Coruña”**, (publicada no BOPG número 104 do 1 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego completou o pasado mes de decembro a implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, que garante o futuro dun servizo público tan fundamental para a comunidade galega como é o transporte interurbano.

O novo modelo de transporte público é froito de anos de traballo e planificación por parte de equipos profesionais multidisciplinares e da coordinación con empresas e administracións locais.

Na área de influencia da Coruña, o pasado 23 de decembro botaron a andar 5 novos contratos que se sumaron a outros 2 implantados ao longo do 2020.

O Goberno galego e os alcaldes dos concellos que forman parte do Plan de Transporte Metropolitano da Coruña asinaron a renovación dos convenios, garantindo a continuidade deste plan social que reduce o custo para os usuarios e supón un investimento autonómico de máis de 15,2 millóns de euros para os vindeiros 4 anos. Deste xeito, case 160.000 veciños da área da Coruña seguen a gozar de descontos nos billetes, transbordos gratuítos e rebaixas adicionais para aquelas persoas usuarios recorrentes e familias numerosas. Ademais nesta área tamén hai 23.500 mozos menores de 21 anos que viaxan de balde en autobús coa tarxeta Xente Nova, implantada nesta área desde 2016 e que dende o pasado 21 de maio se estendeu a toda Galicia.

A suma coordinada de todos estes servizos de transporte interurbano e transporte metropolitano integra unha rede de autobuses que atende as necesidades da cidadanía de 17 concellos: A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, A Laracha, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2021 12:15:00
Nº Rexistro: 17612
Data envío: 24/06/2021 12:15:00.294

Tendo en conta a magnitude da renovación íntegra dos servizos de transporte público interurbano, as incidencias puntuais detectadas nos primeiros momentos do funcionamento efectivo das novas concesións foron mínimas. Grazas ao traballo de seguimento realizado, dende o primeiro momento aplicáronse axustes puntuais, tanto de liñas como de horarios, paradas ou frecuencias, para atender de forma concreta, precisa e axeitada as necesidades da poboación. A Xunta, de feito, mantén activados mecanismos que permiten recoller as incidencias que poidan xurdir nos servizos, e tamén recoller as valoracións achegadas pola cidadanía e os concellos.

É preciso lembrar que o deseño do novo mapa de servizos foi un proceso aberto ao diálogo, no que foron atendidas as solicitudes das administracións locais e outros axentes, como centros educativos. Ao mesmo tempo, o traballo coas empresas titulares das concesións é diario, coa fin de trasladar ao funcionamento do transporte público todas aquelas posibilidades de mellora que vaian xurdindo.

Para que os usuarios dispoñan, dun xeito sinxelo e accesible, da información sobre horarios e paradas, indispensable para a planificación da vida diaria, púxose en marcha a web Bus.gal.

Ademais, as obrigas das empresas operadoras inclúen a publicidade dos horarios dispoñibles, polo que ambos os dous sistemas complementarios facilitan o acceso de toda a cidadanía á información sobre os servizos, horarios e frecuencias do transporte público interurbano“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2021 12:15:00
Nº Rexistro: 17612
Data envío: 24/06/2021 12:15:00.294

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/06/2021 12:14:56

CSV: BOPGDSPGqTrjD4wwS7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8195**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as actuacións, detalladas por provincias, da Xunta de Galicia nas que se investiron os 105 millóns de euros do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021”**, (publicada no BOPG número 86 o 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada o 26 de maio de 2021 no debate da iniciativa con número de rexistro 8193 , presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=792b621d-95e2-4b18-ba1e-73b49ffbbd83&start=10175>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que se está a traballar para que o Xacobeo sexa un poderoso motor de creación de riqueza sustentable para Galicia nos seguintes ámbitos

- En primeiro lugar a seguridade, hoxe mais ca nunca é importantísimo trasladar a imaxe de que o Camiño de Santiago é un camiño seguro.
- En segundo lugar a mellora das infraestruturas e da paisaxe, para o que sempre temos en conta as demandas dos diferentes Concellos e axentes do Camiño





- En terceiro termo, a promoción. Unha campaña, que se estenderá durante os vindeiros meses e incidirá nas garantías sanitarias e nos atractivos da Ruta Xacobeana para atraer ás e aos peregrinos.
- E, por último, a programación que estamos a elaborar en función da realidade sanitaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2021 13:17:08
Nº Rexistro: 17655
Data envío: 25/06/2021 13:17:08.158

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2021 13:17:04

CSV: BOPGDSPGqTrjD4wwS7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8527**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para solucionar a situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago con anexos”**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos contratos de concesión de servizos de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada de titularidade autonómica, incluídos no Plan de Transporte Público de Galicia, estanse a respectar con absoluta pulcritude os requisitos de subrogación do persoal que se derivan dos diferentes convenios colectivos do sector do transporte de viaxeiros por estrada, en cada provincia de Galicia, así como dos acordos marco, a nivel autonómico e estatal, en relación a esa materia.

Tamén se están a respectar as condicións de subrogación, así como o resto de cláusulas de contido social, que se incorporaron aos pregos de condicións que rexeron a licitación dos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia a partir do acordo acadado en marzo do ano 2019 entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e as organizacións sindicais máis representativas do sector en Galicia.

En relación ao servizo de transporte que conecta a cidade de Santiago de Compostela co aeroporto de Lavacolla, hai que recordar que esta viña sendo prestada, por razóns históricas, a través dunha concesión de titularidade autonómica, a que conectaba as cidades de Santiago de Compostela e Lugo.

Ao tratarse dunha concesión implantada antes da posta en funcionamento do servizo de transporte urbano colectivo da cidade de Santiago de Compostela, o seu operador mantivo o dereito á prestación dese servizo ata decembro de 2020, momento no que se produciu a renovación da concesión.





Nese sentido, como parte dos traballos preparatorios do Plan de Transporte Público de Galicia, a Dirección Xeral de Mobilidade mantivo os contactos necesarios co Concello de Santiago de Compostela, que era o competente para a prestación dese servizo, ao tratarse dun tráfico intramunicipal.

Como resultado deses contactos, o Concello de Santiago de Compostela manifestou, de xeito expreso, a súa intención de prestar directamente o servizo entre o centro da cidade e o aeroporto de Lavacolla.

Do mesmo xeito, o Concello de Santiago de Compostela recibiu da Dirección Xeral de Mobilidade a información relativa ao persoal desa liña que debía subrogar ao abeiro dos convenios colectivos e acordos marco aplicables.

En consecuencia, e respectando a vontade do Concello de Santiago de Compostela, no exercicio das súas competencias propias, así como da súa autonomía local, a Dirección Xeral de Mobilidade excluíu o servizo de transporte entre a cidade de Santiago de Compostela e o aeroporto de Lavacolla das novas concesións de transporte público que desenvolveron o Plan de Transporte Público de Galicia.

Porén, chegado o momento no que se produciu a renovación das concesións afectadas, o 23 de decembro de 2020, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tivo coñecemento de que a Concello de Santiago de Compostela se opuxo a proceder á subrogación do persoal que, ata entón, viña prestando servizos nesa liña de transporte. E iso, a pesar de que, a partir desa mesma data, o servizo de transporte urbano municipal do Concello de Santiago de Compostela pasou a prestar ese mesmo servizo, mediante a prolongación dunha liña xa existente.

Por outra banda, cumpre sinalar que o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRRL) constitúese como o ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e, no desenvolvemento das súas funcións, actúa con autonomía respecto á Xunta de Galicia e de calquera outra institución da comunidade autónoma.





Así mesmo, o Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) (resolución de 26 de decembro de 2019), establece nos seus artigos 46.1 e 52.1 a lexitimación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as organizacións sindicais Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (SN de CC.OO. de Galicia), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia), e ás propias persoas traballadoras e ás empresas afectadas polos conflitos, a solicitar os servizos de solución extraxudicial dos mesmos, entre os que se atopa a mediación laboral.

Polo tanto, é o CGRRLL o organismo previsto para o exercicio das funcións de mediación na comunidade autónoma de Galicia, e as partes afectadas polos mesmos conflitos as que poden exercer este dereito a solicitar esta mediación nos conflitos como o descrito.

No seu defecto, as persoas traballadoras poderán recorrer igualmente á reclamación dos seus dereitos a través da presentación das correspondentes demandas de conflito colectivo ou individual ante a xurisdición social, conforme ao previsto no artigo 2 da lei reguladora desta xurisdición“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2021 13:30:57
Nº Rexistro: 17625
Data envío: 24/06/2021 13:30:57.034

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/06/2021 13:30:51

CSV: BOPGDSPGqTrjD4wwS7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8533**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“os criterios seguidos pola empresa Meisa para adxudicar o contrato de xestión da estación de montaña de Manzaneda á sociedade Artabria Turismo, S.L., a participación da Xunta de Galicia na xuntanza do consello de administración en que se adoptou ese acordo e a súa opinión respecto da necesidade de inserir os concellos de Trives e Castro Caldelas nese órgano”**, (publicada no BOPG número 86 o 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión celebrada o 5 de marzo de 2021 no debate da iniciativa con número de rexistro 8532 , presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-03-05?part=ff41fc3c-2dfb-4099-b85b-4d1c197667e8&start=121>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que nos atopamos ante unha contratación cun período de contratación transitorio, adxudicada por interese público no mantemento do Emprego e da defensa dos sectores económicos da comarca de Trives e da provincia de Ourense e con unhas condicións económicas asociadas á xestión da Estación máis ventaxosas que as da oferta que chegou á última fase da licitación declarada deserta e supoñen implicar á empresa coa facturación e a mellor xestión da Estación de Manzaneda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2021 13:16:59
Nº Rexistro: 17654
Data envío: 25/06/2021 13:16:59.189

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2021 13:16:53

CSV: BOPGDSPGqTrjD4wwS7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2021 13:02:43
Nº Rexistro: 17753
Data envío: 30/06/2021 13:02:43.947
Data 30/06/2021 13:02



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 10374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán, e as súas razóns para non consignar orzamento necesario para ese fin”**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 10372, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 23 de xuño de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade indicou que a Xunta de Galicia leva investidos case 25 millóns de euros na última década en actuacións para reforzar a seguridade viaria e a mobilidade no concello de Nigrán e que este municipio é un dos concellos de Galicia que concentra máis investimento en materia de estradas e de reforzo da seguridade viaria.

A resposta completa da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2021 13:02:43
Nº Rexistro: 17753
Data envío: 30/06/2021 13:02:43.947



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-23?
part=29462f95-9040-4430-ad5b-6201b3185050&start=2454](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-23?part=29462f95-9040-4430-ad5b-6201b3185050&start=2454)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-23?
part=29462f95-9040-4430-ad5b-6201b3185050&start=2777](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-23?part=29462f95-9040-4430-ad5b-6201b3185050&start=2777)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2021 13:02:43
Nº Rexistro: 17753
Data envío: 30/06/2021 13:02:43.947

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2021 13:02:36

CSV: BOPGDSPGqTrjD4wwS7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11991**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a actualización e o funcionamento do programa de xestión procesual Minerva e o uso da lingua galega na Administración de xustiza”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 19 de maio de 2021 no debate da iniciativa con número de rexistro 11990, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-1-institucional-administracion-xeral-xustiza-interior-2021-05-19?part=5bfa5253-d800-4765-b9e0-a7ab3fa5740e&start=1177>

